



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A COORDINADORA EN DEFENSA DA BICI PARA PARTICIPAR NO CONGRESO IBÉRICO DA BICICLETA E A CIDADE

---

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, segundo o Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, Cristina Llorente Pipaón (NIF 16265379D), presidenta de ConBici, Coordinadora en defensa da bici, entidade coordinadora de asociacións e entidades defensoras do uso da bici, con personalidade xurídica plena e vocación de ser de utilidade pública. Conbici, Coordinadora en defensa da Bici foi declarada de utilidade pública pola Orde INT/412/2023, do 17 de abril, e está inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións do Ministerio do Interior con núm. 133630.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración, e en consecuencia,

### EXPOÑEN

**Primeiro.** A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes correspóndelle, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, a promoción da investigación sobre transporte, loxística e mobilidade, e o asesoramento ao departamento nestas materias, así como o estudo, a análise e a implantación de plans e proxectos de fomento do transporte público e a mobilidade sustentable, o control e a supervisión dos sistemas de información e xestión automatizados, a coordinación dos transportes urbanos cos interurbanos e o fomento de





melloras nos elementos móbiles do transporte, de acordo co Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**Segundo.** Conbici, Coordinadora en defensa da Bici, establece no artigo 2 dos seus estatutos, os seus fins ou intereses:

- A promoción do uso da bici pola poboación como modo de transporte habitual, así como de medio de traballo, gozar do tempo libre, turismo e actividade física e deportiva saudables e sostibles.
- O fomento do ciclismo urbano e interurbano e do cicloturismo.
- O recoñecemento do pleno dereito a circular en bicicleta nun espazo viario seguro e a posta en práctica das accións consecuentes.
- As accións encamiñadas á creación e mellora das infraestruturas e as medidas necesarias para o transporte seguro en bicicleta.
- A promoción do uso combinado da bici cos outros modos de transporte.
- A defensa dos intereses de quen usa a bici e consomen servizos asociados á bici.
- A promoción de cidades inclusivas, cunha planificación urbana do espazo público que fomente a socialización, a sustentabilidade, a inclusividade, a saúde e a seguridade, coa mobilidade activa (a pé e en bicicleta) como elemento esencial.
- A promoción da bici como ferramenta de fomento da xustiza social e a igualdade de oportunidades.
- A promoción da formación da cidadanía a través da bici como ferramenta de cambio social, equidade, sustentabilidade e mobilidade saudable e segura.
- En xeral, a mellora da calidade de vida, do medio ambiente, a promoción socio-cultural, a solidariedade entre pobos e grupos sociais, así como a defensa dos intereses sectoriais da cidadanía no referente a un medio saudable e habitable.

Para o cumprimento destes fins, ConBici vai realizar o **XXI Congreso Ibérico da Bicicleta e a Cidade**, en colaboración coa Federación Portuguesa de Cicloturismo e Usuarios da Bicicleta (FPCUB), o grupo local Composcleta, o Concello de Santiago de Compostela, a Universidade de Santiago de Compostela e algunhas empresas privadas do sector. O congreso está previsto que se realizará do 26 ao 29 de xuño de 2025..





Este congreso é o máis antigo da península ibérica dedicado á bicicleta, celebrouse por primeira vez en 1996 e consolidouse como un referente para a promoción da mobilidade sostible tanto a nivel nacional como internacional.

Os obxectivos principais do congreso é promover a bicicleta como unha ferramenta esencial para mellorar a mobilidade urbana e a calidade de vida nas cidades e incrementar a sensibilización da sociedade coa mobilidade alternativa

**Terceiro.** A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, considera de interese a participación no Congreso Ibérico da Bicicleta e a Cidade como un proxecto común entre as diferentes partes para promover o uso da bicicleta e a sensibilización da sociedade coa mobilidade alternativa, estes obxectivos encádranse na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, iniciativa que se alia cos obxectivos establecidos pola Unión Europea no marco da súa estratexia para un desenvolvemento sostible, que no ámbito da mobilidade persegue o desenvolvemento duns sistemas de transporte que reduzan ao mínimo as repercusións sobre o medio ambiente e os seus impactos sociais e económicos.

O fomento dos modos non motorizados alternativos ao coche constitúe a liña prioritaria de traballo para acadar estes obxectivos, sendo o peón e a **bicicleta** os actores fundamentais do cambio necesario da mobilidade cara a pautas de maior sostibilidade, tanto no ámbito urbano coma no interurbano.

Preténdese así que os modos non motorizados constitúan unha peza esencial no sistema de transportes, os que hai que dotar das condicións adecuadas, así como integrar de maneira eficaz co resto de modos, co fin de favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores.

Os **beneficios** esperados co fomento da mobilidade alternativa son múltiples:

- Mobilidade: menor conxestión en tramos actualmente saturados.
- Calidade do aire: menores emisións de gases de efecto invernadoiro e de contaminantes, e menos ruído.
- Saúde: mellora da saúde dos usuarios dos modos non motorizados polo exercicio físico, e tamén a dos que se benefician da menor contaminación ambiental e acústica
- Igualdade e benestar: os modos non motorizados son os máis democráticos e igualitarios, posto que a eles teñen acceso todas as rendas, desde as menores ás maiores.





**Cuarto.** Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e ao considerar que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Coordinadora en defensa da bici acordan subscribir este convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto.

O obxecto do convenio é establecer as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e ConBici, Coordinadora en defensa da bici, para organizar o Congreso Ibérico da Bicicleta e a Cidade, que se celebrará en Santiago de Compostela no 2025.

Os **eixos temáticos** do congreso inclúen unha visión ampla e interdisciplinaria da mobilidade ciclista. Entre eles destacan:

- Mobilidade: Fomentar a integración da bicicleta nas infraestruturas urbanas.
- Lexislación e Gobernanza: Análise de propostas legislativas e políticas públicas para fortalecer o uso da bicicleta.
- Promoción e Formación: Avogar pola formación práctica sobre o uso da bicicleta e a profesionalización do sector.
- Cicloturismo: Impulsar a infraestrutura necesaria para o cicloturismo, tanto a nivel nacional como internacional, apoiándose en redes como Eurovelo.
- Saúde e Medio Ambiente: Resaltar os beneficios da bicicleta para a saúde pública e a calidade do aire.
- Equidade: Promover unha perspectiva de xénero que permita superar desigualdades estruturais, asegurando que a bicicleta sexa unha opción inclusiva e accesible para todas as persoas.
- Comunicación: Explorar as principais tendencias e ferramentas comunicativas para a promoción e difusión da bicicleta en diversas canles, incidindo nos beneficios da mobilidade activa.

**Os obxectivos do congreso son:**





- Promover o uso da bicicleta como unha ferramenta esencial para mellorar a mobilidade urbana, a calidade de vida nas cidades, e a saúde e benestar dos cidadáns,
- Incrementar a sensibilización da sociedade coa mobilización alternativa en xeral e coa bicicleta en particular. A conciencia individual e colectiva da sociedade impulsa e dá o respaldo necesario ás actuacións oficiais, a existencia de plataformas cidadás de apoio e promoción de iniciativas a favor da sustentabilidade é un bo indicador da sensibilización social.

### Segunda. Obrigas de ConBici, Coordinadora en defensa da bici

1. Cumprir co obxecto do convenio e con todas as condicións e obrigas recollidas nel. En particular, realizar as actuacións necesarias para organizar o congreso e coordinar a todas as entidades que participan neste, así como, elaborar os elementos para difundir e informar do congreso (publicacións, programas, carteis, páxina web, etc).
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do obxecto do convenio.
3. Xustificar a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a realización da actividade, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
4. Reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, se as houbera, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.
5. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Subministrarlle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
7. Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.





8. Dar publicidade do carácter público da participación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Todo o material de difusión e información (publicacións, programas, carteis, etc) será posto a disposición da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e deberá conter en lugar visible o logotipo da Xunta de Galicia. A elaboración dos materiais deberá realizarse respectando o disposto no Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-principal>).

### Terceira. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

1. Achegar á ConBici a cantidade de 15.000 € (IVE incluído) pola participación da consellería na organización do congreso.

A achega financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 05.08.512A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

A achega financiara os gastos que teña que asumir ConBici para organizar o congreso, sempre e cando se trate de gastos do actual exercicio económico. A desagregación dos gastos que figura no cadro de abaixo ten carácter estimativo. Poderán modificarse os importes das partidas, ou incluso incluír outras, sempre que corresponda a gastos necesarios para organizar o congreso e non superen o importe total.

Tipoloxía do gasto	Importe
Subcontratacións necesarias para organizar o evento	538,00
Traslado e estancia dos relatores, tradución simultánea	5.000 ,00
Publicidade e comunicación	9.462,00
<b>Total</b>	<b>15.000,00</b>

2. Colaborar na difusión do evento e noutros aspectos da organización a través da comisión mixta de seguimento.

### Cuarta. Seguimento do convenio

1. Constituírse unha comisión mixta de seguimento para facilitar a organización do congreso e o cumprimento do convenio. Esta comisión mixta estará integrada por un representante da Dirección Xeral de Mobilidade e un representante de ConBici.

2. A comisión terá as seguintes funcións

-Realizar un seguimento da organización do congreso e dos seus eixos temáticos.





-Estudar e propoñer, calquera medida que redunde no beneficio dos obxectivos perseguidos co mesmo.

-Emitir informe respecto de calquera dúbida que se suscite na interpretación e/ou aplicación deste convenio.

-Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas.

- Intervención previa á resolución por incumprimento.

3. A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas. En calquera caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias.

#### Quinta. Xustificación dos gastos e pagamento

1. ConBici entregara á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes á seguinte documentación:

- Un certificado asinado pola persoa responsable onde se exprese que por parte da entidade se realizou a totalidade do obxecto do convenio.

- Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas, que se acompañará dunha copia dos contidos editados e publicados para a organización do congreso.

- Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

ConBici emitirá unha factura a nome da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (NIF S1511001H) que deberá cumprir os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento no que se regulan as obrigas de facturación.

A factura emitirase a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia:

[https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura\\_web/cambiarIdioma.do?\\_idioma=gl](https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/cambiarIdioma.do?_idioma=gl)

CIF	RECEPTOR	CONSELLERÍA/ENTIDAD	ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	UNIDAD DE CONTRATACIÓN	CÓDIGO INTERNO SEF	OFICINA CONTABLE	ORGANO GESTOR	UNIDAD TRAMITADORA
S1511001H	XUNTA DE GALICIA	CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE	SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA	8236	A12009376	A12023766	GE0011269





**2. A data límite para presentar a antedita documentación será o 15 de novembro de 2025.**

3. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para verificar a correcta xustificación dos gastos.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da achega.

5. O **pagamento** realizarase unha vez que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes verifique que a xustificación e a factura son correctas.

#### Sexta. Vixencia do convenio

Este convenio terá unha duración dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025 e non será susceptible de prórroga. Non obstante o convenio extinguirase por cumprimento do seu obxecto se se realizou con anterioridade ao antedito prazo.

#### Sétima. Causas de resolución

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Calquera outra causa prevista nas leis.

#### Oitava. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá exixir ningunha responsabilidade, nin directa nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos que xurdan no seu desenvolvemento.





## Novena. Publicidade do convenio

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
2. Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega.

## Décima. Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento ( UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

## Décimo primeira. Normativa aplicable

O convenio rexerese polas súas propias cláusulas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

Este convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no seu artigo 6.2, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto normativo para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, a modificación, a resolución e os efectos que puideran derivarse da aplicación do convenio deberán resolverse pola comisión de seguimento.

Se non se puidese acadar un acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativa.





Conselleiro de Presidencia, Xustiza e  
Deportes

ConBici, Coordinadora en  
defensa da bici

Diego Calvo Pouso

Cristina Llorente Pipaón

